



DEPREDADORES -AVES- *Falco peregrinus*

IDIOMAS:

- [GALEGO - Falcón peregrino.](#)
- [CASTELLANO - Halcón peregrino.](#)

Carlos Padín Cores – Biólogo.
Marta Sánchez Fraga – Educadora ambiental.

CADERNOS DE CAMPO:
BIOLOXÍA DOS DEPREDADORES MÁIS COMÚNS.
AVES – Falcón peregrino / Falcón común.

CLASIFICACIÓN:

REINO	Animalia
FILO	Cordados
SUBFILO	Vertebrados
CLASE	Aves
ORDE	Falconiformes
FAMILIA	Falconidae
SUBFAMILIA	Falconinae (Falcóns e lagarteiros)
XÉNERO	Falco
ESPECIE	<i>Falco peregrinus</i> (Tunstall 1771)



O Falcón peregrino foi dende sempre o preferido pola maioría dos practicantes de cetrería de todo o mundo, grazas en gran parte á súa ampla distribución arredor do orbe.

Son as súas calidades, silueta portentosa, velocidade trepidante na caída, potencia no ataque e asedio das presas unido a unha endiañada certeza, as que lle valeron para asegurarse o posto de paladín de todos os falconiformes.

Unha única parella desta especie con territorio de caza preto dun pombal, pode reducir a colonia dun columbófilo á máis mínima expresión si se lle presenta a oportunidade.

Odiada por uns, amada pola maioría, a visión do ataque por parte dun individuo adulto non deixa indiferente a ninguén. Tras disto, só queda quitar o sombreiro, pechar a boca e agardar que as próximas pombas que sufran o seu asedio sexan as de outro.

DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN:

As medidas e pesos adoitan ser moi diferentes entre os 2 xéneros, sendo sempre maiores as femias.

	LONXITUDE	PESO
♂	os machos sitúanse entre os 38-40 cm.	450 g-1 Kg.
♀	as femias acadan entre 48-54 cm.	720g-1,6 Kg.

A envergadura, polo contrario, é a mesma para machos e femias, entre 80 e 115 cm.



Cor:

Machos: Dorso gris lousa, ancha bigoteira negra en forma de pera. Partes inferiores branco/ocre con estreitas listas transversais negras.

Femias: Máis escuras e listadas.

Individuos xuvenís: Dorso pardo, bigoteira tamén parda pero máis ancha que nos adultos. Profuso listado **vertical** en peito e ventre. Algúns poden chegar a amosar sobre o ollo unha liña superciliar pálida.

Unha forma sinxela para os principiantes de diferenciar de preto calquera falcón (sobre todo no caso de individuos inmaturos) de, por exemplo, un azor ou un gabián, é fixarse en que a cor dos ollos dos falcóns é sempre escura, mentres que nos gabiáns e azores é clara, amarela ou incluso laranxa.

Silueta:

Tanto pousado como voando, é moi característica, amosando unha cabeza voluminosa ancorada a un pescozo forte (“*cabeza de touro*”). A base das alas é ancha pero o seu extremo remata en punta, case sen separación de rémixes primarias.

Con un corpo moi aerodinámico, de anchos ombros y pelve estreita. A cola non é mi longa, aínda que si relativamente ancha.

Mentres patrulla o seu terreo de caza amosa movementos variables, lentos pero regulares, a miúdo a grande altitude. O seu voo é moi similar, en ocasións, ó das pombas, adoptando unha silueta semellante á destas, tal vez para chamar pouco a atención durante a espreita.



ECOLOXÍA E BIOLOXÍA:

Áxil e veloz. Poderoso á hora de perseguir, onde acada velocidades de entre 50 a 100 Km. /h. Pero a verdadeira proeza realizase durante o abatemento de presas (dende gran altura e notablemente empinado) onde chega a superar, segundo o sitúan os últimos estudos de caída libre, os 400 Km. /h. Posiblemente poida acadar maior velocidade. Moitas veces o golpe tras o abatemento non só atorde ou incapacita a presa, se non que basta para matala.

A súa base alimenticia fundaméntana principalmente outras aves, de menor ou incluso maior tamaño que eles mesmos, aínda que tamén entran na súa dieta pequenos mamíferos como os morcegos, que son capturados en voo. Pero esta alimentación é moi variable, dependendo do lugar do planeta pode abarcar aves, mamíferos de escaso tamaño e ata pequenos réptiles.

Cría en cantís abruptos, penedos de montaña, a veces ata en edificios, no Ártico cría no chan. Durante esta época tórnanse moi agresivos para con outros animais que rolden os seus dominios.

En ocasións usan o mesmo lugar de cría durante varios anos seguidos.

A posta consta de 2 a 6 ovos que requiren unha incubación de entre 29 e 33 días (segundo o clima) que é realizada case exclusivamente pola femia. Os poliños abandonan o niño ós 35-42 días da eclosión. Son moi vulnerables mentres non aprenden a cazar por si mesmos, ó que son adestrados polos pais ós cales non abandonarán ata a 6ª ou, en ocasións incluso, a 15ª semana.



DISTRIBUCIÓN ACTUAL NA PENÍNSULA IBÉRICA:

Distribúese por toda a península salvo vastas áreas de Portugal. Tamén nas Baleares e moi probablemente en Canarias.

A nivel mundial, documéntanse dende o nivel do mar ata os 3000 m. de altura.

O seu hábitat compóñeno: campo aberto, cantís, montañas e páramos. No Inverno, tamén as marismas.

Ademais adoita verse moito por pobos e cidades onde usa como pousadeiros e criadeiros, campanarios, edificios e torres altas.



SITUACIÓN FRONTE A EXTINCIÓN:

Hoxe en día é moi común en toda a Península e gran parte de Europa, sobre todo cara o Leste. Durante o s. XX, viuse moi afectado pola caza, as fumigacións e a modificación dos seus hábitat orixinais.

Aínda así, é unha ave moi versátil que sabe explorar novos horizontes adecuándose rapidamente ás condicións favorables que cada un lle poida ofrecer.

Por iso é moi frecuente velos nas grandes cidades espreitando as bandadas de paxaros que as habitan e criando en rañaceos ou catedrais.

Ultimamente hai moitos programas de reinsertión do Falcón peregrino non solo na natureza salvaxe, tamén nas grandes cidades e zonas limítrofes con aeroportos onde resulta de extraordinaria eficacia para espantar os grandes grupos de aves que se concentran nos mesmos.



O FALCÓN PEREGRINO E A COLUMBOFILIA:

Sen dúbida algunha, é un dos maiores predadores que as nosas deportistas están obrigadas a afrontar, tanto nos concursos como no propio entorno do pombal.

Os ataques comunmente están planificados, isto significa que o falcón estudou as posibilidades antes de entrar en faena. Non ataca do mesmo xeito a un grupo de pombas que a un individuo illado; tamén difire a forma de atacar segundo teña as condicións do vento a favor, en contra ou de costado; tampouco actúa da mesma maneira en campo aberto que en superficie forestal, zona urbana ou sobre o mar. Non podemos tipificar o seu comportamento, como observamos, son extremadamente versátiles. Do mesmo xeito, non sempre atacará en picado, pode facelo horizontalmente en persecución (onde os nosos atletas poden tirar de vantaxe física) dende un costado, dende abaixo, sorprendendo ós individuos despistados ou asustados ante un acoso ou ataque previo.

Como na maioría de rapaces, as patas son instrumentos extremadamente especializados. Son fortes ó pecharse, os dedos posúen unhas estruturas en forma de palpo, que axudan á hora de suxeitar a presa, aumentando a presión da aperta da pouta ó concentrar a forza total de peche sobre un punto menor; e ó mesmo tempo serven para aumentar a fricción e reducir as probabilidades de que unha presa xa afianzada se escorra. E como broche final, as unllas son os ganchos do cepo, longas, curvadas e extremadamente afiadas. Á velocidade coa que un falcón peregrino adoita atacar, non debería estrañarnos atopar feridas tan profundas nas afortunadas superviventes.

CUADERNOS DE CAMPO:
BIOLOGÍA DE LOS DEPREDADORES MÁS COMUNES.
AVES – Halcón peregrino / Halcón común.

CLASIFICACIÓN:

REINO	Animalia
FILO	Cordados
SUBFILO	Vertebrados
CLASE	Aves
ORDEN	Falconiformes
FAMILIA	Falconidae
SUBFAMILIA	Falconinae (Halcones y cernícalos)
GÉNERO	Falco
ESPECIE	<i>Falco peregrinus</i> (Tunstall 1771)



El Halcón peregrino ha sido desde siempre el ave preferida de la mayoría de cetreros de todo el mundo, gracias en gran parte a su amplia distribución alrededor del orbe.

Son sus cualidades, silueta portentosa, velocidad trepidante en la caída, potencia en el ataque y asedio de las presas unido a una endiablada certeza, las que le han valido para asegurarse el puesto de paladín de todos los falconiformes.

Una sola pareja de esta especie con territorio de caza cerca de un palomar, puede reducir la colonia de un colomófilo a la más mínima expresión si se le presenta la oportunidad.

Odiada por unos, amada por la mayoría, la visión del ataque por parte de un individuo adulto no deja indiferente a nadie. Tras ella, solo queda quitarse el sombrero, cerrarse la boca y esperar que las próximas palomas que sufran su asedio sean las de otro.

DESCRIPCIÓN E IDENTIFICACIÓN:

Las medidas y pesos suelen ser muy diferentes entre los 2 géneros, siendo siempre mayores las hembras.

	LONGITUD	PESO
♂	los machos se sitúan entre los 38-40 cm.	450 g-1 Kg.
♀	las hembras alcanzan entre 48-54 cm.	720g-1,6 Kg.

La envergadura, por lo contrario, es la misma para machos y hembras, entre 80-115 cm.



Color:

Machos: Dorso gris pizarra, ancha bigotera negra en forma de pera. Partes inferiores blanco/ocráceas con estrechas listas transversales negras.

Hembras: Más oscuras y listadas.

Individuos juveniles: Dorso pardo, bigotera también parda pero más ancha que en adultos. Profuso listado **vertical** en pecho y vientre. Algunos pueden llegar a mostrar sobre el ojo una línea superciliar pálida.

Una forma sencilla para los principiantes de diferenciar de cerca cualquier halcón (sobre todo en el caso de individuos inmaturos) de, por ejemplo, un azor o un gavilán, es fijarse en que el color de los ojos de los halcones es siempre oscuro, mientras que en los gavilanes y azores es claro, amarillo o incluso anaranjado.

Silueta:

Tanto posado como en vuelo, es muy característica, mostrando una cabeza voluminosa anclada a un cuello fuerte (“*cabeza de toro*”). La base de las alas es ancha pero su extremo es puntiagudo, casi sin separación de remeras primarias.

Con un cuerpo muy aerodinámico, de anchos hombros y pelvis estrecha. La cola no es muy larga, pero sí relativamente ancha.

Mientras patrulla su terreno de caza muestra movimientos variables, lentos pero regulares, a menudo a gran altura. Su vuelo es muy similar, a veces, al de las palomas, adoptando una silueta semejante a la de estas, tal vez para llamar poco la atención durante el acecho.



BIOLOGÍA Y ECOLOGÍA:

Ágil y veloz. Poderoso a la hora de perseguir, donde alcanza velocidades de entre 50 y 100 Km. /h. Pero la verdadera proeza se realiza durante el abatimiento de presas (desde gran altura y notablemente empinado) donde llega a superar, según lo sitúan los últimos estudios de caída libre, los 400 Km. /h. Posiblemente pueda alcanzar mayor velocidad. Muchas veces el golpe tras el abatimiento no solo aturde o incapacita a la presa, si no que basta para matarla.

Su base alimenticia la fundamentan principalmente otras aves, de menor o incluso mayor tamaño que ellos mismos, aunque también entran en su dieta pequeños mamíferos como los murciélagos, que son capturados al vuelo. Pero esta alimentación es muy variable dependiendo del lugar del planeta, puede abarcar aves, mamíferos de escaso tamaño y hasta pequeños reptiles.

Cría en acantilados abruptos, peñascos de montaña, a veces incluso en edificios, en el Ártico cría en el suelo. Durante esta época se tornan muy agresivos para con otros animales que rondan sus dominios.

En ocasiones usan el mismo lugar de cría durante varios años seguidos.

La puesta consta de 2 a 6 huevos que requieren una incubación de entre 29 y 33 días (según el clima) que es realizada casi exclusivamente por la hembra. Los pollos abandonan el nido a los 35-42 días de la eclosión. Son muy vulnerables mientras no aprenden a cazar por sí mismos, a lo que son adiestrados por los padres a quienes no abandonarán hasta la 6ª o, en ocasiones, incluso la 15ª semana.



DISTRIBUCIÓN ACTUAL EN LA PENÍNSULA IBÉRICA:

Se distribuye por toda la península salvo vastas áreas de Portugal. También en Baleares y muy probablemente en Canarias.

A nivel mundial, se documentan desde el nivel del mar hasta los 3000 m. de altura.

Su hábitat lo componen: campo abierto, acantilados, montañas y páramos. En Invierno, también las marismas.

Además suele verse mucho por pueblos y ciudades donde usa como posaderos y criaderos, campanarios, edificios y torres altas.



SITUACIÓN FRENTE A LA EXTINCIÓN:

Hoy en día es muy común en toda la Península y gran parte de Europa, sobre todo hacia el este.

Durante el s. XX, se vio muy afectado por la caza, los pesticidas y la modificación de sus hábitat originales.

Sin embargo es un ave muy versátil que sabe explorar nuevos horizontes y se adecua rápidamente a las condiciones favorables que cada uno le pueda ofrecer.

Por eso es muy frecuente verlos en las grandes ciudades acechando las bandadas de pájaros que las habitan y criando en rascacielos o catedrales.



Últimamente hay muchos programas de reinserción del Halcón peregrino no solo en la naturaleza salvaje, también en las grandes ciudades y zonas cercanas a aeropuertos donde resulta de extraordinaria eficacia para ahuyentar los grandes grupos de aves que se concentran en los mismos.

EL HALCÓN PEREGRINO Y LA COLOMBOFILIA:

Sin duda alguna, es uno de los mayores predadores que nuestras deportistas se ven obligadas a afrontar, tanto en los concursos como en el propio entorno del palomar.

Los ataques comúnmente están planificados, esto quiere decir que el halcón estudia las posibilidades antes de entrar en faena. No ataca de la misma manera a un grupo de palomas que a un individuo aislado; también difiere la forma de atacar según tenga las condiciones de viento a favor, en contra o de costado; tampoco actúa de la misma manera en campo abierto que en superficie forestada, zona urbana o sobre el mar. No podemos tipificar su comportamiento, como hemos visto, son extremadamente versátiles.

De la misma manera, no siempre atacará en picado, puede hacerlo horizontalmente en persecución (donde nuestros atletas pueden tirar de ventaja física) desde un costado, desde abajo, sorprendiendo a los individuos despistados o asustados ante un acoso o ataque previo.

Como el la mayoría de rapaces, las patas son instrumentos extremadamente especializados. Son fuertes al cerrarse, los dedos poseen unas estructuras en forma de palpo, que ayudan a la hora de sujetar la presa, aumentando la presión del abrazo de la garra al concentrar la fuerza total de cierre sobre un punto menor; y al mismo tiempo sirven para aumentar la fricción y reducir las probabilidades de que la presa ya agarrada se escurra. Y como broche final, las uñas son los ganchos del cepo, largas, curvadas y extremadamente agudas. A la velocidad con la que un halcón peregrino suele atacar, no debería extrañarnos encontrar heridas tan profundas en las afortunadas supervivientes.